



ASINADO POR  
A concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes  
Cristina Pardo Portos  
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP-A  
Coruña nº131 de 11.07.23)  
15/09/2025

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, establece no seu artigo 48.1 que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Establecendo no segundo punto do mesmo artigo, que as ensinanzas profesionais de música se organizarán nun grado dunha duración mínima de seis cursos.

A Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o currículo do grao elemental das ensinanzas de música a través do *Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establecen os currículos do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, e o acceso aos devanditos graos*, en desenvolvemento do *Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos dos currículos dos graos elemental e medio das ensinanzas de música*. Sendo no *capítulo IV do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música*; onde se regulan os aspectos referentes á avaliación e a promoción nas ensinanzas de grao elemental de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 13 do citado Decreto, establécense as seguintes condicións para a promoción ao curso superior:

1. "O alumnado promoverase ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia."
3. "A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción ao curso seguinte."
4. "O alumno ou a alumna que ao remate do cuarto curso tivese pendente de avaliación positiva dúas ou máis materias deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia só cumprirá que realice a materia pendente."

Con respecto ás ensinanzas profesionais de música, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o seu currículo a través do *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*, en desenvolvemento do *Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*. Sendo no *capítulo IV do Decreto 203/2007* (citado anteriormente); onde se regulan os aspectos referentes á avaliación e a promoción nas ensinanzas de grao profesional de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 17 do citado Decreto, establécense as seguintes condicións para a promoción ao curso superior:

1. "O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias."
3. "A cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte."
4. "O alumnado que no remate do sexto curso tivese pendente de avaliación positiva tres materias ou máis deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza en unha ou dúas materias, só cumprirá que realice as materias pendentes."

A *Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 80 do 23 de abril de 2024)*, establece no artigo 13.2 que para as sesións de avaliación final do alumnado das ensinanzas de réxime especial, a dirección do centro deberá propor á xefatura territorial antes do 30 de abril de 2025, as datas correspondentes para a súa autorización. En desenvolvemento do artigo 13 citada Orde, a *Instrucción 7/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2024/25 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza*, estipula no punto 2.6 que as probas extraordinarias serán organizadas polos centros educativos e levaranse a cabo a partir do 20 de xuño.

Tendo en conta a autonomía da que gozan os conservatorios de música de Galicia (tanto os de titularidade da Xunta como os das entidades locais), entre outros, no ámbito organizativo - segundo se establece no artigo 40.1 do *Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Conservatorio Profesional de Música de Culleredo fixou o calendario da matrícula extraordinaria do 25 ao 26 de xuño (para alumnos matriculados no curso anterior neste Centro e que foran avaliados na convocatoria extraordinaria). O que deu lugar á apertura do expediente 1584703C *Matrícula extraordinaria Grao Elemental e Profesional CMUS (curso 2025/2026)*.

Rematado o prazo de matrícula e comprobada a documentación achegada polos alumnos a través de rexistro, por resolución da Concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes (n.º 1664 de data 26/08/2025) aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos na matrícula extraordinaria para o curso 2025/2026 do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo. Nesta resolución establecease un prazo de 5 días hábiles para alegacións, contados a partir do día seguinte á publicación da presente



ASINADO POR  
O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-  
Rafael José del Barrio Berbel  
15/09/2025





A concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes  
Cristina Pardo Portos  
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A Coruña nº131 de 11.07.23)  
15/09/2025

resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello. Esta resolución foi publicada no citado taboleiro o día 27/08/2025, polo que o prazo de alegacións abrangueu dende o 28/08/2025 ata o 03/09/2025.

Durante dito período presentáronse alegacións por parte de dous alumnos/as:

**\*DNI n.º 49683595F:** presentada o 03/09/2025 (n.º R.E: 10259/2025).

Consta informe da Dirección do Conservatorio (SEFYCU 6131789 de data 11/09/2025) sobre esta alegación, no que se conclúe: "(...) *poderá matricularse de 6º curso para facer a asignatura de Flauta travesera*".

**\*DNI n.º 54704881W:** presentada o 01/09/2025 (n.º R.E: 10157/2025) e o 05/09/2025 (n.º R.E.: 10366/2025) - éste último remitido dende a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, onde foi presentado o escrito por dita alumna o 03/09/2025.

Consta informe da Dirección do Conservatorio (SEFYCU 6131782 de data 11/09/2025), no que se conclúe: "(...) *procédese a admitir a matriculación de 6º de G.P completo cas asignaturas de Música de Cámara e piano de 5º G.P suspensas.*"

Doutra banda, a Dirección do Centro revisou a solicitud de matrícula presentada polo alumno con DNI n.º 54704628W, na que se solicitaba volver a repetir 2º GE (sendo éste o terceiro ano no que se cursaría 2º GE). Tal e como se recolle no informe do Director do Conservatorio de data 12/09/2025 (SEFYCU 6133225), a normativa vixente referente ao grao elemental establece un límite de permanencia en cada curso de grao elemental de dous anos, sen que o alumnado poida permanecer máis de cinco anos no devandito grao. Concluíndose no devandito informe que: "(...) *queda excluído da listaxe definitiva de alumnos admitidos na convocatoria extraordinaria para o curso 2025-26*".

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos; a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica no Concello de Culleredo, e demais normativa específica de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL; así como a Resolución nº 1260 de 7.07.2023 de delegación de atribucións de alcaldía en concelleiros/as da Corporación (BOP A Coruña nº 131 de 11.07.2023).

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos na matrícula extraordinaria para o curso 2025/2026 do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo:



O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-  
Rafael José del Barrio Berbel  
15/09/2025





ASINADO POR  
A concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes  
Cristina Pardo Portos  
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A Coruña nº131 de 11.07.23)  
15/09/2025

**LISTA DEFINITIVA DE ALUMNADO ADMITIDO E EXCLUÍDO NA MATRÍCULA EXTRAORDINARIA DE GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL**

**ADMITIDOS**

Nº	NIF/NIE/ APELLIDOS E NOME	CURSO	GRAO	ESPECIALIDADE	MATRICULA MATERIAS PTES.	Nº REXISTRO	DATA
1	49200765Q	6º	PROFESIONAL	VIOLIN	-	7621/2025	25/06/2025
2	58037094K	-	-	-	PIANO 6º GP	7622/2025	25/06/2025
3	GP,AJ	2º	ELEMENTAL	PERCUSION	-	7626/2025	25/06/2025
4	32946352W	-	-	-	VIOLIN 4º GE	7631/2025	25/06/2025
5	54158303L	4º	PROFESIONAL	CANTO	-	7634/2025	25/06/2025
6	58039926R	2º	ELEMENTAL	VIOLIN	-	7637/2025	25/06/2025
7	32944661J	2º	ELEMENTAL	PERCUSION	-	7641/2025	25/06/2025
8	Y5041308K	3º	ELEMENTAL	PERCUSION	EAV 2º GE	7646/2025	25/06/2025
9	51296940V	6º	PROFESIONAL	PIANO	PIANO 4º e 5º GP	7662/2025	25/06/2025
10	58037520X	4º	ELEMENTAL	PIANO	PIANO 3º GE	7675/2025	25/06/2025
12	54704881W	6º	PROFESIONAL	PIANO	MC e PIANO 5º GP	7684/2025	25/06/2025
13	20626840A	3º	ELEMENTAL	VIOLONCELLO	-	7686/2025	25/06/2025
14	54158447W	5º	PROFESIONAL	VIOLONCELLO	-	7701/2025	25/06/2025
15	49474515C	4º	PROFESIONAL	FRAUTA TRAVESA	FRAUTA TRAVESA 3º GP	7702/2025	25/06/2025
16	49203255E	5º	PROFESIONAL	VIOLONCELLO	VIOLONCELLO 4º GP	7705/2025	26/06/2025
17	26864849K	2º	ELEMENTAL	ACORDEON	-	7730/2025	26/06/2025
18	55487322Y	3º	ELEMENTAL	GUIARRA	-	7738/2025	26/06/2025
19	49683595F	-	-	-	FRAUTA TRAVESA 6º GP	7757/2025	26/06/2025
20	54937556D	2º	ELEMENTAL	GUIARRA	-	7764/2025	26/06/2025
21*	54941277G	2º	ELEMENTAL	VIOLIN	VIOLIN 1º GE	7791/2025	27/06/2025

**EXCLUÍDOS**

Nº	NIF/NIE	CURSO	GRAO	ESPECIALIDADE	Nº REXISTRO	DATA
11	54704628W	2º	ELEMENTAL	GUIARRA	7682/2025	25/06/2025
<p><b>Motivo:</b> non pode volver a matricularse por terceira vez en 2º GE, ao exceder o n.º de anos permitidos pola normativa para permanecer en cada curso de grao elemental.</p>						
*	51295156G	2º	PROFESIONAL	PIANO	7696/2025	25/06/2025
<p><b>Motivo:</b> non lle corresponde matricularse nesta convocatoria, ao aprobar na convocatoria de xuño. Matriculado na convocatoria ordinaria con data 16/06/2025 (consultar a lista correspondente á matrícula ordinaria).</p>						

SEGUNDO. - Publicar esta resolución na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos do Conservatorio, conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 209 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de



ASINADO POR  
O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-  
Rafael José del Barrio Berbel  
15/09/2025





A concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes  
Cristina Pardo Portos  
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23, BOP A  
Coruña nº131 de 11.07.23)  
15/09/2025



NIF: P1503100H

xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa-. Con todo, e para o caso de administracións públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

*Culleredo, na data da sinatura dixital*

*Resolución asinada á marxe pola Concellería delegada por proposta da Xefatura de Servizo tramitadora do expediente (conforme arts. 172 e 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)*

*Asinada á marxe pola Secretaría Xeral para a súa incorporación ao libro de resolucións (conforme art. 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, art. 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, e art. 177 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)*



O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-  
Rafael José del Barrio Berbel  
15/09/2025

